

PENSAMOS NOS NÓS DEREITOS

Con esta actividade traballamos

Coñecer e reflexionar sobre os principios da Declaración dos Dereitos dos Nenos e as Nenas.

Durará

A actividade está pensada para realizarse en dúas sesións.

Necesitaremos

Papel e pinturas de cores.

Ciclo: 1 2

Desenvolvemento

Para entrar en materia, comentar:

Os Dereitos son como a armadura invisible das persoas, protéxennos en multitude de situacións na nosa vida. Por iso, debemos coñecelos e loitar para que se cumpran, así estaremos protexidos sempre e axudaremos aos demais a protexerse.

Introducir os nenos e nenas en cales son os principios da Declaración dos Dereitos da Infancia. Para iso, pódese utilizar a información anexa, repasando no alto os principios nos que se basean eses Dereitos dos nenos das nenas, de maneira que queden claros para todo o grupo. Este repaso pode facerse lendo estes exemplos e engadindo outros similares:

Mian: Chámome Mian, teño 12 anos e son de China. Solución: Dereito a ter un nome e pertencer a un país.

Ángela: No cole aprendo moitas cousas interesantes e o meu mellor amigo chámase Carlos. Solución: Dereito a aprender.

Celia: Todos os sábados xogo ao baloncesto cos meus amigos e amigas, pasámolo xenial! Solución: Dereito a divertirnos e xogar.

Fabián: Onte dóame moito a tripa e non puider ir ao cole, pero a doutora receitoume un xarope e xa estou mellor. Solución: Dereito a crecer sans e sas.

Sira: A miña amiga Eloisa é de Ecuador, o meu amigo Hakim é de Marrocos, e eu son de Senegal. As tres somos inseparables e facemos moitas cousas xuntas. Solución: Dereito a ser de calquera cor e que nos respecten.

Cando os principios estean claros, pedir que cada neno/nena debuxe un caso que exemplifique un dos Principios dos Dereitos da Infancia. Ao acabar, deberán explicar o seu debuxo e por que escolleron ese Principio. Por último, colgar os debuxos nun lugar visible da clase, para que estean presentes no seu día a día.

Principios da Declaración dos Dereitos da Infancia

(A síntese de cada principio que se atopa ao final, é redacción nosa para simplificalos)

Principio 1

O neno e a nena gozarán de todos os dereitos enunciados nesta Declaración. Estes dereitos serán recoñecidos a todos os nenos e as nenas sen excepción algunha nin distinción ou discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou outra condición, xa sexa do propio neno/a ou da súa familia.

DEREITO A TER DEREITOS.

Principio 2

O neno e a nena gozarán dunha protección especial e dispoñerán de oportunidades e servizos, dispensado todo iso pola lei e por outros medios, para que poidan desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente en forma saudable e normal, así como en condicións de liberdade e dignidade. Ao promulgar leis con este fin, a consideración fundamental a que se atenderá será o interese superior do neno e a nena.

DEREITO A SER PROTEXIDOS/AS.

Principio 3

O neno e a nena teñen dereito desde o seu nacemento a un nome e a unha nacionalidade.

DEREITO A TER UN NOME E PERTENCER A UN PAÍS.

Principio 4

O neno e a nena deben gozar dos beneficios da seguridade social. Terán dereito a crecer e desenvolverse en boa saúde; con este fin deberán proporcionarse, tanto a el ou ela como á súa nai, coidados especiais, mesmo atención prenatal e postnatal. O neno e a nena terán dereito a gozar de alimentación, vivenda, recreo e servizos médicos adecuados.

DEREITO A CRECER SANS.

Principio 5

O neno e a nena física ou mentalmente impedido ou que sufra algún impedimento social, debe recibir o tratamento, a educación e o coidado especiais que require o seu caso particular.

DEREITO A RECIBIR COIDADOS ESPECIAIS SE O NECESITAMOS.

Principio 6

O neno e a nena, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, necesitan amor e comprensión. Sempre que sexa posible, deberá crecer ao amparo e baixo a responsabilidade dos seus pais e, en todo caso, nun ambiente de afecto e de seguridade moral e material; salvo circunstancias excepcionais, non deberá separarse o neno/a de pouca idade da súa nai. A sociedade e as autoridades públicas terán a obrigaición de coidar especialmente os nenos e as nenas sen familia ou que carezan de medios

adecuados de subsistencia. Para o mantemento dos fillos/as de familias numerosas convén conceder subsidios estatais ou doutra índole.

DEREITO A TER UNHA FAMILIA QUE NOS QUEIRA.

Principio 7

O neno e a nena teñen dereito a recibir educación, que será gratuíta e obrigatoria polo menos nas etapas elementais. Daráselle unha educación que favoreza a súa cultura xeral e permítalle, en condicións de igualdade de oportunidades, desenvolver as súas aptitudes e o seu xuízo individual, o seu sentido de responsabilidade moral e social, e chegar a ser un membro útil da sociedade.

DEREITO A APRENDER, DIVERTIRNOS E XOGAR.

Principio 8

O neno e a nena deben, en todas as circunstancias, figurar entre os primeiros que reciban protección e socorro.

DEREITO A SER AXUDAD@S O PRIMEIRO@S.

Principio 9

O neno e a nena deben ser protexidos contra toda forma de abandono, crueldade e explotación. Non será obxecto de ningún tipo de trata. Non deberá permitirse ao neno/a traballar antes dunha idade mínima adecuada; en ningún caso se dedicará nin se lle permitirá que se dedique a ocupación ou emprego algún que poida prexudicar a súa saúde ou a súa educación ou impedir o seu desenvolvemento físico, mental ou moral.

DEREITO A SER LIBRES E A SOÑAR.

Principio 10

O neno e a nena deben ser protexidos contra as prácticas que poidan fomentar a discriminación racial, relixiosa ou de calquera outra índole. Debe ser educado nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal, e con plena conciencia de que debe consagrar as súas enerxías e aptitudes ao servizo dos seus semellantes.

DEREITO A SER DE TODAS AS CORES E QUE NOS RESPECTEN.